



REVISTA SUBVENCIONADA POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CEIP CANICOUVA - VIGO

LETRAS GALEGAS

MAIO 2006



ÍNDICE

* PROGRAMA EUROPEO. SÓCRATES.....	2
* A MITOLOXÍA CLÁSICA NA NOSA LITERATURA.....	4
* A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN.....	12
* A ATMOSFERA FALA.....	16
* AS ECLIPSES	18
* QUE ME FAI RIR?	25
* DE MAIOR QUERO TRABALLAR DE.....	26
* O DRAGÓN DO NOSO ENTROIDO	28
* O BOSQUE ANIMADO	30
* O CONTO DO MAGO MERLÍN E AS PALABRAS.....	32
* ¡UN MOSQUITO NO ESPAZO!	45
* LUGAR A VISITAR: A LANZADA.....	46
* UNHA CAMPIONA EN CANICOUVA	48
* O COELLIÑO BRANCO	50
* UN RATO FAMOSO: <i>RATO PÉREZ</i>	54
* XULIO VERNE E O MAR	56
* POEMA A XULIO VERNE	60



Roma

Patras

Joane

Vigo

PROGRAMA EUROPEO. SÓCRATES. COMENIUS 1

Como ben sabedes Sócrates é o programa de acción da Comunidade Europea no ámbito da educación. Basease nos artigos 149 e 150 do Tratado da Unión Europea que establecen que a Unión "contribuirá ó desenvolvemento dunha educación de calidade" mediante unha serie de accións que se realizan en estreita colaboración cos Estados membros. O tratado establece tamén un compromiso de fomenta-la aprendizaxe ó longo de toda a vida para tódolos cidadáns da Unión.

Entre os seus obxectivos están:

- Fomenta-la aprendizaxe das linguas da Unión Europea e o coñecemento intercultural.
- Cimenta-la dimensión europea de educación a tódolos niveis.
- Promove-la cooperación e a mobilidade no ámbito da educación (intercambios, educación aberta, recoñecemento de títulos e períodos de educación...)
- Fomenta-las innovacións no desenvolvemento de prácticas e materiais educativos.
- Contribuír a promove-la igualdade entre homes e mulleres, para as persoas con discapacidade e loita contra a exclusión social, o racismo e a xenofobia.

O NOSO PROXECTO.

O noso Centro está vinculado a programas europeos desde hai anos. Na actualidade, e este é xa o segundo ano, desenvolvemos o titulado: *"Viaxando pola Europa dos mitos"* ¿A que vos gusta o tema?

Pois máis interesante é mergullarse no engaiolante mundo da tradición que chea de riqueza nos levou a coñecer, a través das lendas, a seres de todo tipo: pequenos, ás veces, e poderosos deuses, habitantes de lugares recónditos, mouros, fadas, meigas... todos con capacidade de mudar e levarnos a un mundo de imaxinación e fantasía que perdurou ó través dos séculos.

UNHA NOVA ESCOLA ASOCIADA

No presente curso, ademais dos centros de Roma en Italia e Patras en Grecia, temos unha nova escola asociada en Joane, Portugal. Unha escola grande de máis de 800 alumnos-as, que mestres do noso Colexio tiveron a oportunidade de visitar no pasado mes de novembro. Reuníronse co profesorado, viron as súas dependencias, organización, estiveron co alumnado...Foi unha velada que resultou ser moi interesante e da que se sacaron moitas conclusións para futuras actuacións dentro do Proxecto. Debido a que estamos xeograficamente próximos, temos programada para o fin deste curso unha xornada de convivencia co noso Centro.



Con profes do Centro asociado de Joane-Portugal

REUNIÓN SOBRE O PROXECTO

No presente mes de maio un grupo de tres mestres de Canicouva viaxarán a Roma onde, no Colexio asociado se reunirán cos demais mestres de Grecia e Portugal. Nestas xuntanzas, entre os diversos temas a tratar están a planificación, a organización, a execución, a supervisión e a avaliación do Proxecto. Tamén coñecerán a realidade escolar do Centro que se visita e se levarán a cabo distintos intercambios de materiais elaborados durante o curso.

A MITOLOXÍA CLÁSICA NA NOSA LITERATURA



Dende a máis novo ó maior de idade, tódolos componentes daquela viaxe disfrutaron visitando aquel seis de agosto o sonado Parque de Mini-Europa. Salvador conseguiu uns cantos libros-guía e quixo ler en alta voz un parágrafo.

Escoitade que bonito: “ Unha fermosa princesa fenicia, Europa, collía flores coas súas amigas preto do mar. Zeus, pai dos deuses gregos , viuna e engaiolado pola súa beleza achegouse baixo a forma dun touro. Arrebatada polo seu ollar doce e o seu alento recendendo a azafrán , Europa subiu sobre o lombo que Zeus lle ofrecía. De súpeto o animal afastouse ó galope en dirección ó mar e, axudado polas ondas, raptouna para depositala nas costas de Creta. Unha vez alí, Zeus volveu recuperar o aspecto humano e baixo unha palmeira, preto de Gortys, disfrutaron xuntos do amor e do soño....”

Casalderrey, F.: ¡Asústate, Merche!

ZEUS (XÚPITER)

Era a máxima divinidad. Deus da luz, do ceo e dos fenómenos atmosféricos (nubes, choivas, ventos e tormentas). Representaba a xustiza e a orde fronte á barbarie e o caos. Representase habitualmente con barba e sentado nun trono. O raio, a aguía e o cetro son os seus atributos.



Zeus, o rei dos deuses, foi famoso pola súa actividade amatoria tanto con deusas como con mortais. Destacamos as amantes máis importantes, así como os fillos desas unións. Isto explica que case todas as estirpes gregas considerasen a Zeus o seu antepasado.

AMANTES E FILLOS DE ZEUS

DEUSAS	DESCENDENTES	MORTAIS	DESCENDENTES
Maia →	Hermes	Leda →	Helena e Pólux
Metis →	Atenea	Europa →	Minos
Mnemósine →	As Musas	Sélene →	Dioniso
Leto →	Apolo e Ártemis	Dánae →	Perseo



Para conseguir estas unións, Zeus tiña a miúdo que cambiar de forma. As metamorfoses máis famosas foron:

- ✚ En chuvia de ouro para unirse con Dánae.
- ✚ En cisne para unirse con Leda.
- ✚ En touro para raptar a Europa.

No mundo grego foi Ponto ese deus do mar que tivo por fillo a Nereo , logo reemplazado por Poseidón como deus mariño, quen á súa vez sería trocado pola divinidad romana das augas chamada Neptuno- culto galaico revelado pola ara de Vilagarcía- , deus cegado de terra adentro e ao comenzo sen vinculación directa co mar. De aí a colaboración existente, no período clásico entre Eneas- o mítico navegante do Mediterráneo- e Neptuno-o deus latino domar-, e, pola contra, a catastrófica falta de sintonía entre Ulises-mariñeiro da Odisea- de Poseidón.

Polín, R.: *As cantigas mariñas no pais de Breogan*

POSEIDÓN (NEPTUNO)

Irmán de Zeus, é o deus do mar, das augas e dos terremotos; un deus moi importante para os pobos mariñeiros. Tiña os seu palacio nas profundidades mariñas, e de alí emerxía nun carro tirado por cabalos con cola de peixe. Navegaba por enriba das ondas rodeado por Nereidas e Tritóns. Na man levaba a súa arma distintiva, o tridente, que utilizaba para desencadear tempestades e terremotos.



*O Plutón , que é un afumado,
e o Neptuno, que é un malxenio,
por no sei qué de qué deusa
armaron unha dos demos,
e o rei das augas, rabioso
máis que o mesmo Cancerbeiro,
mandoulle ó mar que matase
o lume bravo do inferno.
O mar pedíulle auga o río
chamándolle compañeiro;
o río falou coa choiva
para que botase un remendo;
ós preñados neboeiros.
Ás mesmas portas do Olimpo
foron as nubes co preito
e despois de darlle voltas*

*e revoleas ó novelo,
o Xúpiter contestoulles
verba máis ou verba menos:
“Neptuno cerrará o pico,
o mar estarase quedo,
o río, queira non queira,
daralle rega os lameiros,
ó mandado dos meus ventos
en tanto o sol siga ardendo
que si o deixamos sin auga
o mundo morrerá seco.
Ademáis con tanto pillo
como anda solto e sin freo,
fáise menester de justicia
que haxa un pouquiño de
inferno.”*

Cabanillas,R.: Da miña Zanfona

HADES (PLUTÓN)

Irmán de Zeus, é o deus do mundo subterráneo e dos mortos. Tiña fama de ser cruel e despiadado. A Hades polo xeral, non se lle rendía culto, nin se construían templos ou santuarios na súa honra. Chamábase tamén Hades ó lugar onde ían os mortos.

O mundo dos mortos ou Hades estaba separado do dos vivos polo río Aqueronte (ou a lagoa Estixia). Un barqueiro, chamado Caronte, pasaba os mortos ao outro lado a cambio dun óbolo-moeda que se lle poñía aos cadáveres nos beizos..A porta do Hades estaba gardada por Cérbero, o can de tres cabezas e cola de serpe, que era amable cos que entraban, máis implacábel cos que querían saír. Xa no Hades, un tribunal formado por Minos, Éaco e Radamante xulgaba as almas. Os grandes criminais ían ao Tártaro, fronte aos benaventurados que ían aos Campos Elíseos.



.....a explicación era a ciencia, a cual invoca o nome dunha virxen saída da cabeza de Xúpiter, un día que lle doía; porque os gregos precisan unha patrona que tivese os cascos do patrón: Minerva.....



ATENEIA

Dieste,R.: *A alma e o espello.*

ATENEIA (MINERVA)

Atenea é filla de Zeus e da Titánide Metis. É a deusa da sabedoría, a intelixencia e as artes, a inventora da escritura, a pintura e o bordado. Tamén é a deusa da guerra, que representa a organización no combate. Os seus atributos son a curuxa e a oliveira, así como a lanza, o casco e a éxida (coiraza de pel de cabra). No seu escudo fixou a cabeza da gorgona Medusa que lle dera Perseo.

Con que vostede é Apolo, ¿non si?

O deus, condescendente, fixo un aparte.

En efecto-afirmou-, eu son o deus da luz, da beleza, o inspirador dos artistas.

Daquela serás fillo de Xúpiter-apuxo o señor Pescudo.

Son, polo menos eso din, aínda que nunca se sabe certo quen é o pai de un.....

Carballede,P.: *O deus desaparecido*

APOLO


Fillo de Zeus e da Titánide Leto, é irmán xemelgo da deusa Ártemis. Apolo é o deus da poesía e da música. Como deus da adivinación, emitía os oráculos desde os seus santuarios. Tamén é deus da beleza masculina e da luz. A identificación de Apolo con Helio, deus do sol, é frecuente nos textos latinos.

Atribúeselle a invención da cítara e usaba ademais a lira inventada por Hermes. Tiña arco e frechas que disparaba desde lonxe e podía producir a morte. En Grecia, despois de Zeus, era o deus máis venerado.

A súa irmá xemelga: Ártemis (Diana), era a deusa dos bosques, constituíndo a caza a súa ocupación. Representase armada con arco de prata, acompañada por un cervo, un coro de Ninfas e cans cos que percorría os montes cazando.

Que mar é este que , deslumbrado, ollou como Venus nacía das súas augas? O seu corpo de deusa, branco e nu, emocionou ás ondas que se fixeron lenes, doadas, musicais para envolvera con sonido amoroso, dóceis, fideis cans que lamieron a súa pele de nácar con tan alto gozo que era espasmo. Ditosas ondas: na memoria tedes, para sempre endexamais, aquel suceso que mudou totalmente a vosa vida.

Manuel María: *A primavera de Venus.*



AFRODITA (VENUS)


É a deusa do amor ó que están sometidos mortais e inmortais, simbolizando o principio da vida no Universo. Tamén é a deusa da beleza feminina. Ten como atributos a cuncha, que a recolle das augas, o cinto, a rosa e o mirto; aparece tamén con carro tirado por catro brancas pombas, cisnes ou gorrións.

O seu séquito está composto por Eros, Hímero e Peithó (amor, desexo e persuasión), as Cárites ou Grazas e as Horas.

EROS (CUPIDO)



É o deus do Amor. Aparece na mitoloxía grega como acompañante e servidor da deusa Afrodita, sendo representado como un neno alado, cargado coa súa alxaba e cunhas frechas coas que fere a deuses e homes; de aí o carácter irracional do amor.



AS CÁRITES (GRAZAS)

Son tres xoves fermosas asociadas a actividades do espírito á arte, que forman parte do séquito de Afrodita, e cantan e bailan nos banquetes divinos.

Nese senso , por exemplo , o cornizó foi usado como estimulante nos rituais dun antigo culto na Grecia antiga. Na rexión da Ática , nun lugar chamado Eleusis, os atenienses desenvolvían rituais en honra da deusa dos cereais e das colleitas, é dicir, da deusa Ceres. As personas admitidas como iniciados nos misterios eleusinos, tiñan que andar entre un e cinco anos de noviciado antes de seren capaces de chegar á contemplación da verdade que era o mesmo que tenta-la perfección. Pola noite facíanse as ceremonias que comenzaban no adro do templo da deusa, en presenza de moita xente. Os asistentes lavaban as mans e adornaban a cabeza con follas e flores, escoitando entrementes un lector que recitaba as leis de Ceres. De seguida tomaban unha cativa cea coa que lles subministraban alimentos mesturados co caruncho en doses controladas. Despois entraban no templo ás escuras. De sotaque, un lóstrego rachaba a escuridade amosándose a imaxe de Ceres espléndidamente adoviada. Novos lóstregos seguían a alumear figuras infernais e monstruosas que espantaban ós presentes, xunto co estouro de enormes tronos. Cando a xente acougaba abríanse unhas portas que daban a un xardín hermosamente disposto onde os presentes, á luz de fachóns, brincaban e bulían cheos de ledicia .Alí, un sacerdote ensinaba os segredos e os misterios que endexamais poderían ser descubertos polos iniciados, a risco de seren condenados a morte.....

García Mañá,L.M.: *O lume de Santo Antón*

DEMÉTER (CERES)

É irmá de Zeus, é a deusa da agricultura, en especial dos cereais, a da vexetación , en definitiva , da fertilidade da terra. Se Atenea achega a oliveira que dá o aceite, e Dioniso a vide que dá o viño, ela proporciona o cultivo da terra que dá o trigo. Polo tanto , é unha divindade agrícola e civilizadora do pobo campesiño. Pero ó mesmo tempo está relacionada coa morte e o mundo subterráneo. Representa a Terra-Nai fronte a Xea, que é a personificación da terra en sentido cosmogónico.

Adoita ser representada sentada sostendo na man fachos ou cunha serpe, elementos que fan referencia á súa filla Perséfone e á súa relación co mundo subterráneo.



-Pois a Poesía é un conxunto Olimpico, ou Olímpico Parnasiano. O deus Apolo pon a mesura, a claridade, o deus baco , pon o viño....

E dixo o veterinario:

- Pois xa non pon pouco. Con perdón da cara de Apolo e de Minerva, que nos están vendo e tamén escoitando, é o que máis pon.....

- Pois nise Conxunto Olímpico entra tamén Mercurio.

- ¿O deus dos comerciantes e viandantes?


Fole, A. *O simposium do alciprés*

HERMES (MERCURIO)

É fillo de zeus e da ninfa Maia, é o mensaxeiro dos deuses, e en particular de Zeus; o conductor das almas dos mortos ó Hades; deus do comercio; protector dos camiñantes. Representase calzado con sandalias aladas, coa cabeza cuberta cun sombreiro de aba ancha (pétasos) e empuñando unha vara de ouro, chamada caduceo, que ten unhas ás na súa parte superior e dúas serpes enroscadas.




DIONISO (BACO)



Era o deus das vides e do viño que disipa as penas, da máscara e da festa teatral. Foi moi venerado en Asia Menor, en Tebas e en Atenas, onde se lle dedicaban as festas principias, as Grandes Dionisias, e se lle construíu un teatro na ladeira sur da Acrópole. O seu culto misterioso pasou a Roma onde se celebraban tumultuosas procesións, nas que abundaban as máscaras.



Alumnado de 6º

A toupiña que quería saber
quen lle fixera aquilo na cabeza
visto polos nenos e nenas de 3 anos.



Un día a toupiña
saíu da súa casa
e caeu algo na
cabeza, pero non
veu a ningún.



Preguntoulle á pomba
se lle fixera ela e
dixolle que non



Preguntoulle ó
cabalo: Eu non
fun, eu fago
así dixolle él.





Tamén lle preguntou á lebre : ¡ ela tampouco fora !




Logo preguntoulle á cabra que tampouco o negou.

Despois falou coa vaca. Tampouco fora lla ¡ menos ual !





Foi falar co porco, que lle explicou como facía ¡ uf !





Cando lle iba preguntar
a dúas moscas gordas
e negras, deuse de conta
que lle podían axudar.
- ¿Quén me fixo
isto na cabeza?

- ¡Non te movas! dixeron as
dúas moscas. Despois dun
anaco faláron: Foi un can



Por fin sabía
quen lle fixera
aquilo: ¡Xan-Pedro
o can do carnicero!


Rápidamente subeu
pola caseta de
Xan-Pedro e....
¡plin, unha
cagadiña negra
caeuille ó can
na súa cabeza.



Feliz e contenta
a toupiña
marchou para
a súa casa
dentro da terra.

E colorín, colorado este conto
marchou polo tellado.


A ATMOSFERA FALA



As nubes

son algodóns cheos de auga que voan no ceo.


ANTIA 3º



O arco da vella son moitas cores, coma unha tropa de soldadiñas de chumbo.


José.M 3º

Os maremotos son terremotos que fan clu, clu no mar.




Francisco 3º


A brétema é como nata voadora no atmosfera.



Francesc 3º



O arco da vella
é como
sete cores



estampados no azul do ceo.

Juanma 3º

A brisa ron aluminina que sinto no




corpo



Diego 3º

AS ECLIPSES

Na mañá do tres de outubro de 2005 ocorreu algo impresionante, que nós nunca esqueceremos: a Lúa interpúxose entre a Terra e o Sol, dando lugar a unha eclipse solar, a primeira visible na península Ibérica dende 1.999.




A eclipse é un feito que se produce cando un corpo ópaco tapa en todo ou en parte a un corpo luminoso. Pródúcese unha eclipse de Sol cando a Lúa se pon entre a Terra e o Sol. Se o Sol queda todo tapado prodúcese unha eclipse total e se queda

tapado só en parte, unha eclipse parcial.

Tamén hai eclipse de Lúa que se produce cando a Terra se interpón entre a Lúa e o Sol.


No colexio contemplamos a eclipse de dúas maneiras: primeiro con cristais homologados e despois a través dun instrumento artesanal que a proxectaba nunha pantalla chamada "cámara negra", para non danar os ollos.



Vímola no seu comezo, logo no momento de máxima cobertura e, por último, na fase final, resultando una experiencia marabillosa para nenos e mestres.

Historicamente a eclipse foi relacionada con calamidades. Para o home na antigüidade a luz era moi importante, tiña un carácter divino. O feito de que o Sol en pleno día, e dun momento a outro escúrecese, interpretábase como algo moi trágico. Uns pensaban que seres malignos o estaban atacando ou incluso que o estaban devorando e a partir diso presaxiaban desastres.

Na India a Lúa era unha copa que contiña o elixir da inmortalidade que bebían os deuses. Cando os deuses conseguiron por primeira vez o elixir batendo océanos de leite, *Raho*, un demo monstruoso, roubou o primeiro sorbo; pero *Vishmo*, o deus supremo, montou en cólera e cortoulle a cabeza ó demo. A cabeza comezou a perseguir á Lúa por todo o ceo e dende entón prodúcese unha eclipse cando a cabeza alcanza á Lúa e a devora, pero como non ten corpo a Lúa volve saír polo pescozo mutilado de *Raho* recuperando o seu brillo.



Na China a eclipse producíase cando un dragón celestial comía o Sol ou a Lúa e para espantalo a xente saía ás rúas e berráballe ameazándoo con apeiros de labranza para que deixase en paz ós astros.

Os coreanos pensaban que a eclipse era o intento do rei da escuridade *Ganas Nara* por roubar o Sol ou a Lúa. Este rei malvado mandaba os seus cans para que atrapasen ós astros, pero os cans ó collelos coa boca queimábanse tanto que os volvían deixar onde estaban.

Os esquimós crían que a eclipse se debía a enfermidades do Sol ou da Lúa, polo que evitaban saír fóra das súas casas mentres duraba a eclipse para non contaxiarse do mal dos astros.

Os incas pensaban que cando había unha eclipse o Sol e a Lúa se estaban amando e eles mentres duraba a eclipse celebraban que os dous astros estivesen en tan " romántica situación".

Os aztecas xa sabían que as eclipses de Lúa se producían pola sombra da Terra pero así e todo aínda as representaban coma un dragón que comía a Lúa.

En Exipto, ó ver unha eclipse vían unha loita entre *Sete Horus* (dous dos seus deuses). *Set* arrincáballe un dos ollos a *Horus* durante a pelexa (os ollos crían que eran un o Sol e o outro a Lúa) e tragábao. Pero o deus *Ra*, co seu poder supremo desfacía a pelexa e devolvíalle o ollo a *Horus* e con el a luz.



En Galicia, dende os antigos tempos, as eclipses eran consideradas todo un acontecemento e non de carácter positivo precisamente. Anunciaba desgracias, mortes, pestes e fame. Había toda serie de supersticións e medos que condicionaban os labores domésticos e do campo.

Diciáase que as plantas que brotaban nese día secaban (agás as patacas e as cebolas) e que había que deixar pasar vintecatroy horas para que o gando e a xente pudiesen comer as herbas e as verduras.



Tódalas predicións e prognósticos nese día eran negativos e traían consecuencias nefastas porque a negrura da eclipse sempre anunciaba desgracias e ensombrecía todo ó seu paso. A escuridade propiciaba os malos presaxios e creaba inquedanza entre a xente.

A mitoloxía explicaba este fenómeno do seguinte xeito: A eclipse ocorre porque loitan o Sol e a Lúa. Desta loita sempre sae o Sol victorioso amosando a forza creadora que dende os tempos máis remotos se lle outorgaba e derrotando á Lúa que debía voltar a súa posición secundaria deixándolle todo o protagonismo ó vencedor de batalla.

Contan as lendas que nas ocorridas nos anos 1861 e 1890 puideron verse en Ferrol reflectidas nun barreño con auga as imaxes dos astros loitando un contra outro.

Tanto o Sol coma a Lúa gozan dun lugar privilexiado na mitoloxía e na tradición oral e escrita dende tempos remotos e por iso merece a pena que lle dediquemos uns parágrafos a estes dous astros.

○ SOL

Máis coñecido como Lourenzo, é o rei dos astros. É un home fachendoso e satisfeito aínda que nos textos máis negativos semella un dragón de sete cabezas e dez pares de cornos.

Os romanos, cando o viron afundir no mar de Fisterra, dixeron que chirlaba coma ferro ardendo. Alí ergueron os caldeos no seu honor a Ara Solis ("o altar do Sol").

No Sol naceu o lume e moitas son as culturas que saúdan ó Sol nacente para propiciar un bo día.

Por Abadín (Lugo) recóllese o seguinte conto, de orixe oriental:

Un de tres irmáns orfos e sen bens faise rico á conta dun galo que lle quedara. Marcha a unha terra onde cada noite se erguían por quendas os vecinos e aparellaban uns bois ó carro para ir buscar o día. Co galo demostroulles que, ós tres cantos, viña o día só. Quixeron mercarlle o galo e vendeuno por moitos cartos, volvendo á casa rico.

De todos é coñecido o famoso amencer de San Xoán, a grande celebración solsticial, no que o Sol baila e vese bailar se se mira por unha peneira, tal e como queda reflexado neste dito:

*Mañanciña de San Xoán,
mañanciña a máis garrida,*

*que baila o sol cando nace
e ri cando morre o día.*

En tempos pasados subíase esa mañá ós puntos máis altos, xeralmente castros, para ver o Sol, en case toda Galicia. Neste mesmo amencer cóllese a flor da auga, a tona da auga dunha fonte, xusto ó raiar o Sol. Curiosamente, o santo que o cristianismo puxo para apagar o vello culto ten que lle rogar a Deus que lle deixe velo, pois xusto ese día, que é o seu, dorme:

*San Xoán pediulle ó Señor
que non o adormentase*

*para ver bailar o sol
ó día da súa romaxe.*

As eclipses de Sol manchan as leiras e quedan sen dar froitos por moitos anos. Ver arrubiar as nubes ó nacer o Sol anuncia vento e auga:

*Cando chove e hai sol,
vai o demo para Ferrol.*

Continuando coa explicación lendaria de certos fenómenos recollemos na tradición que desde que se pon o Sol queda unha hora de día ata que anoitece, a hora do solpor, gracias a Roldán que llo

pediu a Deus para rematar de vencer ós mouros na cidade de Malverde, asolagada na lagoa de Carregal (A Coruña).

A LÚA

Non só o Sol tiña un gran protagonismo na vida das xentes e nos seus contos e tradicións, a Lúa tamén era considerada como parte moi importante do seu acontecer diario e a ela dedicaban contos e ditos.

Os antigos galegos adoraban á Lúa ou a algunha deidade que honraban con bailes chamados "*chafanrranchainas*", as noites de lúa chea.

Este feito de bailares ó amparo da Lúa era moi común e está documentado en moitos textos. Moitos eran os pobos que danzaban nas noites de plenilunio, cando a Lúa alcanzaba todo o seu esplendor. En Viana do Bolo teñen o costume de danzar nas noites de Lúa chea ata o amencer e cantar ó mesmo tempo no seu honor, tradición que se iniciou a principios do s.XX.

A Lúa como parella do Sol, é de sexo feminino. Pelexaron, o Sol botoulle borralla na cara e a Lúa quindoulle agullas ó Sol. E así quedaron como son. A Lúa que se chama Lucía, Catarina ou Margarida, condenada a andar sempre de noite e a ser comida polo lobo. Algúns din que, cando non se ve, é que a tragou un león.

As manchas que se lle ven son un home cun feixe de silvas ás costas condenado a ser visto por todos. Deus castigouno por traballar en domingo.

A Lúa mide e anuncia o tempo. Por todos nós é coñecido o influxo da Lúa nos labores do campo e nas mareas. Tamén atopamos unha curiosa teoría sobre a predicción do tempo e as fase da Lúa: se o cuarto ten os cornos para enriba, anuncia choiva, e se os ten envorcados, tempo seco, e calor se está avermellada. Tamén pode ser que anuncie guerras, pero ese é outro cantar.

A miúdo atribuímoslle os nosos cambios de humor e a sorte no amor. Dise que "*a muller que a un lle gusta vese reflectida nela*".

Tamén lle podemos pedir cartos dicindo: " *Nova Lúa que me ves, dame diñeiro para todo o mes*". Pero o que nunca debemos facer é tirarlle pedras porque din que entón acabaría o mundo.

O luar deu pé a todo tipo de supersticións: din que cura o mal de aire, o tangaraño, a dor de moas, as epilepsias, o fogo ardente, os malos partos, os perigos das augas correntes e as consecuencias das malas linguas. Pero se o luar é de eclipse é moi malo e o que tocas non se pode comer. Tamén se di que a luz da Lúa empreña as mulleres.

Quizais, a mitoloxía antiga sexa moito máis rica en canto a relatos sobre as eclipses. É probable que algunhas das crenzas populares de hoxe en día, teñan relación con estes mitos e se modificasen no transcurso dos anos, pero nos nosos días contamos con ciencias que nos brindan a información precisa para que fenómenos como estes non sigan sendo un misterio e podamos comprendelos.



Alumnado de 6º

QUE ME FAI RIR?

Cando miña nai me fai cósegas nas costelas ou nos pés.

Tamén cando vou ao circo e os pallascos se enganan.


Non paro de rir cando leo o libro de Iván Aisen, un neno que non ten forza e saelle todo ao revés.

Na aldea, cando coice de eu na lama ou xogando co meu curmán ao fútbol e ao darlle unha patada ao balón cae para atrás. Cando, xunto co meu curmán, escondémonos detrás das pedras e penduramos un fío dos estremos para que meus avós dean un tropiezo. (Francisco 3º)

HA, HA, HA... ¡NON PAREMOS DE RIR

Cando alguén, xogando ao fútbol, lle dá unha patada ao aire, en vez de darlle ao balón. As cósegas que me fai meu avó no sobaco.

Cando a miña curmá fai algunha broma e unha das que máis me gusta é cando nos escondemos da miña tía e lle damos un susto.







(Aarón 3º)

Os nenos e nenas da aula de E. Infantil de 5 anos de maiores queren traballar de:



En





YAGO, CIENTÍFICO INVENTOR.



ALEX, FUTBOLISTA.



MANUEL, POLICÍA.




JESÚS QUERE SER CAZADOR DE DRAGONS.



ANA'S, PROFESORA.

AMOR!
123456

1256
ASIBOT



DANIEL, BOMBEIRO.



FELIPE, PINTOR.



BEA, PROFESORA

8
10
12
3



SARA C. PELUQUERA.



AIANHA, PELUQUERA.

O DRAGÓN DO NOSO ENTROIDO

Este ano no colexio fixemos un dragón para presentalo durante o entroido pero en realidade ten moito que ver co tema que traballamos sobre os mitos.



Non fai moitos anos nas procesións do CORPO saía a imaxe do infernal monstruo como figura draconiforme que simboliza o demo.

Aínda que non era igual en todos os sitios, si gardaba certa semellanza: corpo serpentiforme, cabeza ergueita con crista e grandes fauces dentadas.

A coca, esa figura procesional en forma de dragón, chegou ata os nosos días como en REDONDELA e na vila miñota de Monçao, por só nomear dous lugares que quedan máis preto.

Para o mundo greco-romano o dragón era unha divinidade inferior que propiciaba o pulo dos vexetais. Para o cristianismo vén a ser todo o contrario, e por eso cumpría vencelo.

Este mítico animal vive case sempre nas augas, pero a sabiduría popular procúralle unha morada non lonxe de onde se celebra o acontecemento. A coca de Monçao saíu do Miño, e un aposto mozo acabou con ela. A de Redondela saíu do mar, o mesmo que a monsanense, roubaba fermosas mozas.

A súa morada estaba na ría de Vigo, preto da illa de S. Simón . Tiveron que se-los valentes mariñeiros os que lle desen morte.

Lembrando aquel feito tódolos anos o día de Corpus bailan na procesión os danzantes coas espadas e as penlas.


Pensamos que nos demais lugares o mítico monstro sairía do Lérez en Pontevedra, do Miño en Ourense, do Avia becha de Ribadavia.

Algo común a varias culturas é a crenza de que o dragón antes foi serpe como símbolo da vida. (A medicina e a ciencia escollérona como o seu símbolo).

As representacións plásticas do dragón e a serpe son distintas, pois mentras que a serpe por tratarse dun ser real admite poucos engadidos, o

dragón ó pertencer ó mundo da fantasía a súa iconografía pode levar todos cantos a mente humana lle queira poñer.

Aínda hoxe pervive a convicción popular de que as serpes vellas vanse ó mar e convértense en dragóns mariños.



Nas relixións monoteístas os deuses dos inimigos convértense nos seus demos .

E para esta tarefa tan especial escolleron un animal adorado por case tódolos pobos veciños e para algúns o símbolo da sabedoría e a maxia.

Esta idea, dragón e serpe igual a **demo**, será a que perdure no cristianismo.

O cristianismo seguíu dous camiños para acabar coas crenzas anteriores á súa chegada: prohibilas ou sincretizalas de tal xeito que a súa rematase como superior co paso do tempo.

Así as fontes acabaron en "santas" cando xa contaban con culto desde moitos séculos antes.

Outro tanto sucede co dragón, que pasou a simbolizar ó **demo**, rematando sempre vencido por algún representante da nova relixión. Incluso podería dicirse que os mitos e a tradición de relixión popular da Europa precristiá sobrevivíu disfrazada ou transformada nas festas do calendario ou no culto dos santos.

A imaxe que temos do clásico dragón é un composto formado por elementos de diferentes animais, pero sempre dos máis negativos: cobras, morcegos, cocodrilos...

E por tratarse dunha manifestación universal a pesar das distancias e culturas entre os dragóns hai algunha semellanza: pertencen ó mundo da fantasía e, no esencial, veñen a selo mesmo e tamén a ter igual significado.



Alumnado de 5º



O BOSQUE ANIMADO

E. INFANTIL

4 ANOS.



O conto do mago

Merlín e as palabras



De todos é sabido que as palabras teñen vida, porque nacen cando alguén as necesita. Tamén medran e poden reproducirse. Cando a xente deixa de usalas, as pobriñas morren.

Por eso o mago Merlín, que vivía daquela no seu pazo de Trasmonte, tíñaas gardadiñas nun saco. Alí estaban todas: as palabras curtas e as palabras longas, as que daban moita risa e as que daban medo. Unhas podíanse debuxar, pero outras eran só para seren pensadas. Merlín coidábaas a todas de xeito que estivesen ben a gustiño e moi ordenadas, porque non quería que se perdesen.

Mais unha noite pasou por alí, moi de vagariño, o trasno Rebuldeiro, quen ademais de trouleiro e enredante, era de por si moi curioso. Cando entrou no pazo e atopou o saco das palabras quixo saber que había dentro. Abriuno sen pensalo moito e as palabras, en canto atoparon a saída libre, deron un chimp, todas a un tempo, e fuxiron polo mundo adiante.

Ó decatarse do sucedido, Merlín foi tras delas. Ás máis atopounas e foron de novo para o saco. Pero había outras que non aparecían, porque se meteran dentro das nenas e nenos de 1º e 2º do colexio Canicouva. O mago Merlín, usando da súa maxia, tiroulles da lingua e atopou estas:

PALABRAS QUE RECOLLERON NA FAMILIA

AVOA

"É a que coida nenos cando a mamá traballa" (Alejandro L. 2º)

"É a que ten bastantes netos" (Iria I. 2º)

"Señora que está paralítica ou enferma" (Antonio G. 2º)

- "Serve para coidar cando é moi velliña" (Micaela M. 2º)
- "É a nai da túa nai que casou co pai do teu pai" (Brais S. 2º)
- "A que fixo nacer ós nosos pais" (Darío P. 2º)
- "Familiar que coida moito" (Hugo V. 2º)

PAI



- "Humano marido da nai que é moi cariñoso" (Marta P. 2º)
- "É o che manda facer cousas. Como a túa nai" (David B. 2º)
- "É un home que coida da comida, da roupa e nada máis" (Alexandre S. 2º)
- "É como a nai, pero en masculino" (Laura B. 2º)
- "Ten máis anos que un irmán e menos que unha nai" (Adrián A. 1º)
- "É se casa cunha muller e ten fillos e pode ter máis fillos e tamén está na familia e xoga cos fillos e come como todos. Pero un momento, é unha persoa normal." (Lucía C. 1º)
- "É un parente do seu fillo" (Hugo M. 2º)
- "É o mellor amigo do can" (Micaela M. 2º)
- "É o que ten que traballar nunca fábrica" (Lucía N. 2º)

IRMÁNS

- "Son xeniais cando non se enfadan" (Carla P. 1º)
- "Son dous nenos, ou neno e nena, que naceron da mesma nai. E poden ser de doce para abaixo" (Jesús G. 1º)
- "Os tes cando a túa nai ten bebés" (Gael V. 2º)

PALABRAS QUE COLLERON NO SEU CORPO

CORAZÓN



"Se non o tes non podes vivir. É de cor vermella. Se estás canso, sáltache. Pero se non salta, pois non estás canso" (Adrián A. 1º)

"É o que temos no corpo. E bate pun, pun. Bate máis cando é o día dos namorados." (María G. 1º)

"É a nosa vida. Se para, morremos. Se se move o meu, estou vivo. Se corre moito, non é bo." (Daniel S. 1º)

XEONLLO


"É unha parte do corpo. Está na perna. É para xogar a moitas cousas. Algunha vez mancámonos nela e doe moito e poslle unha tiritita" (Noelia F. 1º)

"Cousa que teñen as persoas máis arriba dos pés" (Iago C. 2º)

"É unha parte do corpo. Tamén forma parte da perna. É a metade da perna" (Marta P. 2º)

PALABRAS QUE RECOLLERON NA NATUREZA

LÚA



"Está no ceo para alumar tódolos días da noite" (Andrea R. 1º)

"Sae cando saen as estrelas e tamén cando é a hora de durmir. Semella unha pelota" (Adrián M. 1ºA)

"Cando chega a noite sae, e non ten sempre a mesma figura" (Nerea C. 1º)

"Serve para darnos o sinal de que é de noite" (Micaela M. 2º)

NOITE

"Só é unha parte das vinte e catro horas" (Sergio G. 2º)


SOL

"É a cousa máis quente da órbita" (Anxo F. 2º)

MAR

"É un río enorme" (Gael V. 2º)

"É moita auga salgada con olas" (Hugo V. 2º)



VENTO

"É o que te leva e te sopla cando vas nun paracaídas" (Carlota F. 2º)

"É algo transparente" (Daniel B. 2º)

"É como o soplido das nubes e dá frío" (Jesús G. 1º)

"Move as plantas e os sombreiros" (Lucía N. 2º)

"Serve para empurrar as cousas" (Sergio G. 2º)

"É algo que non tocas" (Alfonso C. 2º)

LÓSTREGO


"É o que cae do ceo e fai ruído" (Iago C. 2º)

ECLIPSE

"É cando a lúa se pon diante do sol e , se miras, quedas cego" (Ángela C. 2º)

"É un día calquera e é de día, pero un día a lúa ponse diante do sol. Entón é tan bonito que dodos os nenos saen a vela" (Noelia F. 1º)

PALABRAS RECOLLIDAS NO MUNDO DOS ANIMAIS




PEIXE

"Vai por debaixo do mar. É azul e non afoga" (Adrián A. 1º)


CAN

"A ese animal gústanlle os ósos. Serve para ter compañía, só que en vez de falar, ladra" (Nerea C. 1º)

PORCO



Benito 1º



LEO 2º

"Animal que come as cousas que sobran" (Carlota F. 2º)

"Animal que pode ser grande ou pequeno. Métese na lama e come verdura, patacas e mazás e se mete todo nun caldeiro e se bate e botámosllo" (Noelia F. 1º)

"Animal de cor rosa e como é porco pois por eso se chama así. Cómeselle por exemplo o xamón, e tamén podemos cociñalo, pero antes hai que matalo. Porque escapa, por eso. Dá pena, pero di o meu pai que sabe moi ben. Eu non o proba." (Lucía C. 1º)

"Animal que dá noxo" (Gael V. 2º)

PAXARO

"Animal que voa moi alto e fai ovos como os as avestruces, pero máis pequenos" (Noelia F. 1º)



Andrea



Pedro 1º

PIOLLOS

"Son insectos pequeniños. Gústanlles os pelos. Pican e chuchan o sangue, por eso a xente non os quere" (Nerea C. 1º)

"É unha plaga de bichos que nos botan polo aire" (Sandra L. 2º)

"Se rascas e tes moitos, tes que lavar a cabeza." (Amanda L. 1º)

PALABRAS COMESTIBLES

VERDURA


"É un alimento moi sano para os vellos"
(Sandra L. 2º)



OVO

"Algo que é moi malo se o tomamos sempre"
(Iria I. 2º)

"É unha bola que fai un ave, inda que hai aves
que non os fan porque son machos"
(Jesús G. 1º)



XELATINA

"Postre que se move." (Lucía N. 2º)

FIDEOS

"Son unha comida. Poden ser logos ou curtos. Fritense, bótaselle tomate e unha pouca auga. Despois bótanse no prato e dis a opinión se están bos ou non." (Noelia F. 1º)

"É un tipo de pasta. É como o pelo pero que se pode comer."
(Laura B. 2º)

"É unha comida moi fina" (Hugo V. 2º)

PALABRAS PARA APRENDER

INSTITUTO

"Escola para as persoas maiores" (Jefferson R. 2º)

"Colexio para os de trece anos ou vintenove" (Andrea I. 1º)

"Aí vas cando rematas no colexio. É como unha clase para todo,
pero non tes cousas para xogar" (Adrián A. 1º)

"Ten biblioteca e baile de graduación." (Benito P. 1º)

NÚMEROS

"Hai moitos e din que nunca se acaban." (David B. 2º)

"Serven para contar, sumar ou restar. Tamén os hai que son de teléfono. O 1 é bo se quedas de primeira nunha carreira, pero é malo se só tes 1 céntimo" (María G. 1º)

"Están nos libros de matemáticas. Os máis fáciles son o 1 e o 0 e os máis difíciles son o 99 e o 100." (Nerea C. 1º)

MESTRA



"Dá as clases e hainas de inglés, de música e a túa." (Laura A. 1º)

"É a que nos ensina a aprender"
(Brais S. 2º)

"É a que lle dá a clave á xente"
(Iago C. 2º)

"É a que ten que vixiar ós nenos para que estén calados" (Lucía N. 2º)




PALABRAS QUE SE AGACHABAN ENTRE A XENTE

XEFE

"É o que manda nas empresas. E ten a súa oficina. E é boa persoa. E ten un traxe negro e gafas negras."
(Jesús G. 1º)

"Persoa que manda ós que están traballando. E ten unha mesa e unha cadeira e vive moi ben" (Lucía C. 1º)



"É o que manda na guerra. E fanlle caso." (Alejandro L. 2º)

"É o que colle o traballo antes." (Iria I 2º)

"Persoa que manda nos empresarios e berra cando fan algo mal." (Paula P. 2º)

TRABALLO

"Se te chaman tes que ir a ese sitio e danche un oficio. Pode ser de moitas cousas. Un dos mellores é o de ir na fórmula 1 e un dos peores é de albanel, pero tamén dá diñeiro." (Lucía C. 1º)

"Sitio nunha oficina onde tes que facer o que o xefe mande." (Jesús G. 1º)

"É o que tes cando vas ó colexio." (Ángela C. 2º)

REI



"É rico, é o que manda. Ten un castelo, un bo coche e criados e coroas." (Daniel S. 1º)

"Persoa que ten coroas, xoias e moito diñeiro." (Paula P. 2º)

VECIÑOS


"Persoas que viven abaixo e ti non podes molestalas nin facer ruído" (Carlota F. 2º)

"Son os amigos que viven no mesmo edificio." (Darío P. 2º)

"Onde vives aí os tes e se queres algo picas no timbre" (Ángela C. 2º)

PALABRAS PARA SENTIRSE BEN

VIVO



7-

Amxo G.

"É estar no mundo. Sentir que estás aí." (Laura A. 1º)

"O contrario de estar morto. É ter os ollos abertos."

(Jesús G. 1º)

"Persoa que ten os cinco sentidos"

(Sergio G. 2º)

"É cando te atacan e sobrevivés."

(Hugo V. 2º)

Martin



7-

ANOS


"Saen cando é a hora de soplar sete velas." (Andrea I. 1º)

"Eu xa teño seis e a miña irmá respétame." (Benito P. 1º)

NAMORADOS

"É unha parella. Por exemplo os meus pais." (Alfonso C. 2º)

"É cando dous nun banco se xuntan moito e non paran de mirar e os corazóns dos dous van rápido." (Jesús G. 1º)



Andrea

Daniel

MAIOR



Carla

7-

"É un neno que xa fixo oitenta anos e pode facer o que queira" (Andrea I. 1º)

"É alguén máis alto que nós" (Sergio G. 2º)

"Alguén moi alto que manda na xente pequena." (Hugo M. 2º)



Alex

2º

PALABRAS PARA SENTIRSE MAL

MEDO


"É algo menos que sentir pánico." (Laura B. 2º)

MORTO

"É alguén que durme para sempre. E se alguén lle fai algo, pois non o sinte." (Jesús G. 1º)

"Persoa que desaparece. E non se volve ver." (David B. 2º)

Alex 2º



Jenni 1º

"Alguén pode estalo, e dóerlle todo o corpo." (Carlota F. 2º)

"Persoa que está así por ser vello ou porque ten o corazón parado."

(Iago C. 2º)

FAME

"É cando tes a barriga baleira. Cúrase comendo." (Martín C. 1º)

"Sensación de desesperación que afecta ás persoas dos outros países." Iria I. 2º)

"É cando queres comer e non tes." Sandra L. 2º)

"É cando che soan as tripas." (Cristian V. 2º)

"Chega cando tes que esperar" (Brais S. 2º)

"Nótase canto estás moito tempo sen coller galletas." (Gael V. 2º)

"É cando queres comer chocolate. A min gústame o chocolate." (Samuel B. 1º)

MALO

"Persoa que non te quere." (Laura B. 2º)

"Ser eso está moi feo, porque quedas sen amigos." (Hugo V. 2º)


PALABRAS QUE SON COUSAS QUE SE FAN (OU NON)

RONCAR

"Papá" (Amanda G. 1º)

"Despois de comer pasa a tarde.
Despois chega a noite e nos
lavamos. E tamén lavamos os
dentes. E despoisimos á cama. Alí
é onde facemos ese ruído que
parece unha moto." (Noelia F. 2º)

Hugo M 2º



"Sonido grave que emiten algúns pais cando durmen."
(Jesús G. 1º)

"Pódeo facer calquera que durma coa boca aberta." (Iria I. 2º)

ESTUDIAR

"Se fas eso podes sacar matrícula de honor." (David B. 2º)

PALABRAS QUE FALAN DE TODO UN POUCO

PARELLA

"Son os que nunca se separan e nunca morren." (Andrea R. 1º)

"Se dúas persoas ou animais se xuntan, pois xa son eso. E pasa
tamén coa roupa, por exemplo os calcetíns." (Lucía C. 1º)

"Son os que están casi casados." (Darío P. 2º)

"Ás veces cando bailas a necesitas." (Hugo M. 2º)

ARRIBA

"Aí vas cando saltas, coma se foses para ó ceo." (David B. 2º)

"É cando alguén di: vou ó meu cuarto." (Jonathan M. 2º)

"Está enriba de abaixo." (Laura B. 2º)

"Vas aí cando subes e saltas. E tamén cando es astronauta."
(Ángela C. 2º)

MENTIRA

- « Cousa que che din que non é certa. » (Noelia F. 1º)
« É a que un mete para que quede castigado. » (Cristian V. 2º)
"Cousa de moi mala educación." (Marta P. 2º)
"É como dicir a verdade pero con outra cousa que ninguén cre."
(Hugo M. 2º)

PALABRAS DO TEMPO DE LECER

FÚTBOL

- "Serve para entrenar."
(Micaela M. 2º)
"Xógase correndo detrás
dun balón." (Sandra L. 2º)



MÚSICA

- "É un tocamento para tocar a flauta." (Gael V. 2º)
"É unha clase na que cantas." (Hugo V. 2º)
"Algo que se pode bailar." (Brais S. 2º)



FOGUETE

- "Cae nas festas e se che cae na cabeza pode ser moi perigoso."
(Laura A. 1º)

FESTA

- "Xente, nenos e nenas que fan moito barullo." (Jesús G. 1º)

XOGUETE

- "É un obxecto que pode ser brando ou ríxido, pode ter pilas ou non. Pode ter forma de coche ou de moneca." (Lucía C. 1º)

LOTERÍA

- "A min nunca me tocou." (Amanda L. 1º)
"É unha festa da xente que gana e a mín ponme contento ver á xente que gana." (Adrián M. 1º)

CORES

"Están nas cousas que non son brancas nin negras." (Anxo F. 2º)

CRISTAL

"Ti vas á túa habitación e miras pola ventá e ves algo brillante sen parar." (Alexandre S. 2º)

"É unha cousa que se lle tiras unha pedra xa rompe." (Gael V. 2º)

E semellaba que xa non tiñan máis palabras.

-Ouh!-dixo Merlín-Pero faltan dúas!

-Cales?-preguntaron todos.

-Faltan "mundo" e "futuro". Buscade ben, porque son as máis importantes para vós.

-Eu teño "mundo"! -dixo Noelia F. de 1º- É grande e ten moitos países. E por aí sae a lúa coas estrelas.

-Pois eu atopei "futuro"!- dixo Sergio G. de 2º.

-E como o ves?- dixo Merlín.

-"É cando es maior e todo cambia"



-Mágoa!- dixo Merlín- porque a min o que me gusta é o mundo das vosas palabras, así cando son pequenas.

E aí vai o conto.





¡ UN MOSQUITO NO ESPAZO !

Había unha vez un mosquito de oito anos que quería ir ó espazo , e a súa nai aconselloulle que non fora. O mosquito colleu a súa bufanda lila, o seu gorro marrón clariño e a súa cesta para voar.



Colleu un globo calquera, inflouno, arranxou cunha cesta da súa nai, atouna ao globo e foise para convocar unha reunión cos seus amigos na casa da árbore.

O mosquito convidou a todos os seus amigos a ir ao espazo. ¡¡¡Que guai, non sei porque non viñeron comigo!!!



-Ei, ¿qué é iso?
¡Socorroooo, vide axudarme!
¡Hai meteoritos! ¡Non me escoitan!
¡Qué pena, apañareime eu so!
-¡OOOOh, problemas!
É a invasión dos meteoritos.
Maldito globo, pinchouseme.

Antía 3º

LUGAR A VISITAR: A LANZADA

Intentamos valorar o que ten de positivo esta visita para acercarnos á mentalidade dos nosos antepasados, pois na Lanzada, praia situada entre os concellos de O Grove e Sanxenxo, na provincia de Pontevedra, encontramos un antiquísimo rito de fecundidade por obra das ondas do mar. A chegada do cristianismo, incapaz de erradicar esta crenza pagana, constrúe unha capela románica baixo a advocación da Nosa Señora.



O rito consiste en que as mulleres que non podían ter descendencia deberían entrar na praia e deixar que as bañen nove ondas. Dito ritual efectuarase a noite, antes de amencer, do último sábado a domingo do mes de agosto, aínda que tamén pode efectuarse, á mesma hora, os días

da Ascensión e de San Xoán. Logo por influencias cristiás, a muller debía levar unha vela bendita, preferentemente elaborada por tres mulleres virxes de nome María.

Ademais do aspecto fecundativo, o ritual de *A Lanzada* tiña un aspecto curativo, tanto físico como máxico, fundamentalmente para eliminar o “meigallo”, é dicir, un encantamento. A este respecto é famosa a seguinte cantiga:

*Levei a miña muller
a Lanzada, as nove ondas;
leveina a desinfeitar
e botar os demos fora.*

A esta segunda acepción do ritual, Fernando Cabezas atribúe o topónimo de *A Lanzada*: a xente lanzaba pedras ó mar como símbolo do “meigallo” que querían expulsar.

Centrándonos no aspecto fecundativo, podemos dicir que o ritual contén unha serie de elementos con significados moi claros. En primeiro lugar o carácter sagrado do enclave, a praia; situada ó ponente, onde se pode observar a “morte” do deus Sol, nas augas do mar, acto repetido dende o principio dos tempos. Esta morte e este renacer constante axudaron a sacralizar o lugar e darlle os seus poderes fecundantes (morte-auga, mar-renacer).

Por outra parte, a Gran Deusa Nai megalítica, deusa da fecundidade é tamén a deusa do mar e das augas, polo que os galaicos desa época asociaban as ideas de auga do mar e fecundidade. A este respecto, é significativo que o cristianismo asumise a sacralización da Lanzada baixo o nome da Virxe María, substituta de culto da Gran Deusa Nai.

Non hai que olvidar o elemento numérico. A muller debe recibir nove ondas. O nove é o número por excelencia dos ritos medicinais por representar a triple síntese, é dicir, a ordenación de cada plano: corporal, intelectual e espiritual. Número pois de suma importancia simbólica.

Queda a cuestión do momento da cerimonia. Debe ser antes da alba coa lúa todavía no firmamento. A simboloxía do astro nocturno é riquísima e moi complexa, pero predomina a súa asociación co elemento feminino e os ritos lunares asóciase coa fecundidade.

Resumindo, atopámonos ante un santuario onde recibe culto a Gran Deusa Nai, unha mesma divinidad baixo nomes diferentes. Pode aparecer como virxe ou doncela, logo como nai doadora de vida e fertilidade, e tamén como señora doutro mundo. É dicir, ten á vez distintas funcións como as que atopamos nos distintos pobos de orixe indoeuropea: gregos (*As Moiras*), latinos (*As Parcas*) e xérmanicos (*As Nornas*).

Así que podemos dicir que hai unha continuidade de certas ideas relixiosas dende a Prehistoria ata hoxe. E que moitas ideas e costumes pertencen a un vello fondo relixioso que atopamos xa no sistema teolóxico indoeuropeo.



UNHA CAMPIONA EN CANICOUVA!

Eliximos a Vanessa para facerlle esta entrevista porque foi noticia nos periódicos ó gañar un concurso de Bioloxía.

Vanessa Álvarez Álvarez ten dezaoto anos. Naceu en Ourense pero reside dende moi pequena en Vigo. Fixo os estudos de primaria no C.E.I.P. Canicouva. Agora cursa 2º de Bacharelato no I.E.S. Santa Irene de Vigo.

No mes de xaneiro participou xunto con outros compañeiros do instituto nun concurso de Bioloxía en Galicia, quedando finalista. No mes de marzo pasou á seguinte fase a nivel nacional en Canarias, resultando gañadora. No mes de xullo terá que ir a Arxentina para participar na fase internacional onde competirá con rapaces de setenta países do mundo.

ENTREVISTA

1. Como te sentiches ao ser seleccionada?

✦ *Moi contenta e ilusionada, puiden viaxar e coñecer xente nova.*

2. Por que che seleccionaron a ti?

✦ *A miña profesora comentou na clase que ía celebrarse o concurso. E os tres que mostramos interese puidemos participar. A profesora preparounos durante varios días practicando no laboratorio.*

3. Cal é o teu truco para o estudo?

✦ *Organizarme ben e non deixar todo para o último día.*

4. Cales son os teus recordos do teu colexio Canicouva?

✦ *Todos son moi bos. Tanto dos profesores como dos alumnos. Os meus amigos de hoxe xa veñen dos tempos da escola. Gustábanme moito as matemáticas e os concursos que se facían para dar as leccións. Moitas das cousas que aprendín no colexio non se esquecen nunca. Podo olvidar máis rápido leccións que estou estudando agora que o que aprendín no colexio.*

5. Que deporte prácticas? Como compaxinas o deporte co estudo?

✦ *Practico o baloncesto, e xogo no equipo “Seis do Nadal” en Coia. Para poder facer as dúas cousas hai que estar organizada, non podo estar estudando todo o día, hai que descansar porque non o aguantaría.*

6. Tes noivo? Apóiate nos momentos difíciles?

✦ *(Ponse colorada ante a pregunta) Si, axúdame e sobre todo ánimoame porque momentos difíciles non teño.*

7. Pensaches ir a algún concurso intelectual da televisión?

✦ *Non, daríame moita vergoña.*

8. Daríasnos algún consello?

✦ *Aproveitar moito as clases. Estudar non só por obriga, senón con curiosidade por descubrir as cousas, pode ser máis divertido.*

9. Que carreira farás?

✦ *Farmacia ou Bioloxía. Quero especializarme en Bioquímica..*


Ó rematar a entrevista démoslle as grazas e desexámoslle moita sorte en Arxentina.




ÁNIMO
VANESSA!

Alumnado de 5º


O Coelliño branco




Érase unha vez, un coelliño branco que un día foi a buscar coles á horta.



Cando volveu para a casa atopou a porta pechada.




Dentro estaba unha cabra que lle dixo:




- "Eu son a cabra cabresa, como non marches saltóche envriba da cabeza."

O coelliño foise correndo.




Andando, andando,
atopou un boi, e
pediulle axuda.

Pero o boi non lle
axudou porque
tiña medo.




Andando, andando,
atopou un can, e

pediulle axuda.




Pero o can non lle
axudou porque tiña medo.




Andando, andando, atopou
un galo, e pediulle axuda.


Pero o galo non lle
axudou porque tiña
medo.




O coelliño seguiu
andando cada vez
máis triste, ata
que atopou á formiga Rabiga,

que
non lle tiña
medo á cabra
caprina que
lle quería
saltar
enriba.







Entrou na casa do coelliño
polo burato da pechadura,
e meteulle unha picadura
no bandullo da cabra.



El cabra fuxiu
coma un foquete
dicindo:

- "Eu son a
cabra cabresa
e a esta
casa non
volvo porque
non me
interesa."

El coelliño e a formiga fixeron
un caldiño e a min no me deron
porque non quixeron.




"COLORÍN
COLORADO, ESTE CONTO
ESTÁ REMATADO."

3 anos

Un rato famoso: Rato Pérez

O Rato Pérez é un rato que ten moilísimos dentes. ¿E sabedes como o fai? Pois o fai arrapañándose de todas as casas dos nenos aos que se lles van caíndo. Os nenos colocan os seus dentes debaixo da súa almofada. E cando o rato vai as casas dos nenos recolle os dentes.


En fin, o Rato Pérez non é un rato calquera, é un rato que ten un castelo, mais ben unha casita nos sumidoiros.



Pois é aquí que un día chegou a súa casa e encontrou un montón de dentes! E non sabía como gañar os cartos para os regalos.


Pensou e pensou ata que decidiu
un oficio para gañar cartos rápido.
Decidiu ser bombeiro.

O Rato Pérez recibiu forma-
ción profesional de bombeiro.



Xa era un bombeiro profesional
e comezou a traballar.

Cando xa tiña moitos cartos
foi a xoguetería e comprou
os regalos.



Fin

XULIO VERNE E O MAR

IMOS DE EXCURSIÓN...!!



Co motivo do centenario de Xulio Verne (1828-1905), durante este curso fomos a unha exposición ó Museo do Mar onde puidemos ver diversas coleccións de materiais de flora, fauna, etnografía, etc..., que foi recollendo nas súas expedicións.


Algo que nos chamou moito a atención foi o sumerxible no mar, o primeiro batiscafo galego de Antonio Sanjurjo Badía, bisavó dunha profesora do Centro que nos acompañaba, o que lle deu á exposición todavía máis interese e animounos a buscar máis datos sobre este autor e a súa relación coa nosa cidade.

NACE UN AVENTUREIRO

Xulio Verne nace na cidade francesa de Nantes.

Ós 11 anos embarcouse como grumete para vivir diversas aventuras. O fracaso do seu intento fíxolle prometerse a se mesmo que só viviría aventuras na súa imaxinación.

A familia de Verne non comprende a afección polas viaxes e as aventuras do




futuro escritor, así que se traslada a París e decide adicarse á Literatura abandonando o seu oficio de avogado.

UN ESCRITOR ADIANTADO Ó SEU TEMPO...

O mundo que o rodea a mediados do século XIX, marcado pola revolución industrial, os cambios tecnolóxicos e a exploración dos lugares máis remotos do noso planeta, fai que Verne desenvolva unha obra literaria na que se mestura a fantasía, a divulgación científica e a fascinación polas viaxes.

Gracias á súa súa sona como escritor e ó diñeiro que gaña, pode mercar varios barcos e adicarse ás viaxes.

Nunha destas fai **escala en Vigo**, cidade que aparece no seu libro *20.000 leguas de viaxe baixo os mares*.




As novelas de Verne caracterízanse polo protagonismo da tecnoloxía máis avanzada da súa época (ás veces incluso ía por diante dela, imaxinando aparellos que rematarían por facerse realidade co paso do tempo).

Estudou diferentes materias como química, botánica, xeoloxía, oceanografía, astronomía, matemáticas, física, mecánica, etc.

Ó mesmo tempo entablou amizade con exploradores, viaxeiros e científicos que o asesoraban cando lle xurdían dúbidas. Grazas a isto acadou unha bagaxe científica que lle permitiu dar forma de xeito verosímil á súa desbordante imaxinación.

Son moitos os inventos que aparecen nas súas novelas que nos permiten falar del, como un auténtico adiantado ó seu tempo: as viaxes espaciais, o teléfono, o fax, a navegación de viaxe submarina, os automóbiles de gasoliña, os trens elevados....


SURCANDO A BAÍA DE VIGO



A unión da ciencia ficción e das aventuras dá lugar a unha das obras máis famosas de Verne: *20.000 leguas de viaxe baixo os mares*, na que o protagonista é o célebre capitán *NEMO* (nome que significa "ninguén"), un personaxe que voluntariamente vive á marxe da sociedade, viaxando sen rumbo polos océanos a bordo do seu submarino, o *NAUTILUS*.

Da man de *NEMO* viaxamos por moitos lugares

arredor do mundo ata chegar a Vigo onde, no capítulo "A baía de Vigo", se detén para buscar o tesouro dos afundidos **galeóns de Rande**. Tras a publicación do libro, unha expedición de mergulladores franceses sumerxírase de verdade no ano 1872 nas augas da ría de Vigo na busca de




ouro.

Cando escribiu o libro (1.870), no mundo había varios investigadores intentando construír un submarino. O catalán NARCISO MONTURIOL botara con éxito dous modelos (un a pedais e outro a vapor), por esas datas.

En Vigo, o industrial SANJURJO BADÍA posuía un asteleiro e unha fábrica de máquinas e caldeiras de vapor nos que estaban a traballar na fabricación do batiscafo ou boia lanzatorpedos creada coa idea de defender as costas galegas dun ataque por mar.

No seu obradoiro; *La Industriosa*, construíu a primeira caldeira de vapor feita en Galicia. Esta actividade fixo que coñecese a Verne, quen atracou en Vigo por unha avaría na caldeira do seu iate *SAINTE MICHEL*, entablado dende entón unha longa amizade con el.

O azar determinou que o creador do *NAUTILUS* coñecese ó futuro inventor da boia submarina, un dos primeiros españois que logaron con éxito mergullarse baixo os mares.



Alumnado de 5º


XULIO VERNE

A ló nun tempo lonxano
houbo un home escritor
que creaba unhas historias
cheas de imaxinación.

Viaxaba ao centro da terra
e ao océano máis profundo
e en tan só oitenta días
daba a volta a todo o mundo.

Naceu nun peleo francés
Xulio Verne se chamaba
e co seu xenio vivimos historias
antes de que pasaran.

Escrebiu libros para os grandes,
e tamén para os máis pequenos
para vivir aventuras
tan só terás que lelos.



ALBERTO LÓ PEZ 4º A